

PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

ALUMNOS DO EEES

1º PRAZO: do 1 de abril ao 10 de xullo de 2020.

2º PRAZO (agosto-setembro de 2020): do 19 ao 31 de agosto de 2020.

3º PRAZO (setembro-outubro de 2020): do 25 de setembro ao 1 de outubro de 2020.

PREZO TOTAL DO MÁSTER

Aproximadamente 600 euros.

(correspondentes aos 60 créditos)

Máis información:

Coordinadora
Ana María Aba Catoira
ana.abac@udc.es



Facultade de Dereito
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MUDDIA

Mestrado Universitario en Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial

Curso 2020-2021
60 ECTS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRESENTACIÓN

O **Mestrado universitario en Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial (MUDDIA)** da UDC responde aos retos xurídicos dunha sociedade e presidida polas tecnoloxías da información e a comunicación e polo desenvolvemento da intelixencia artificial.

O **MUDDIA** garante unha **formación especializada** e proporciona as ferramentas necesarias para desenrolar a actividade profesional nun **entorno dixital** que transformou o tráfico xurídico e as relacións entre administracións, entre o Estado e a súa cidadanía e entre particulares.

METODOLOXÍA DOCENTE



O programa do **MUDDIA** profunda no estudo da protección de datos persoais, a cadea de bloques (*blockchain*), a contratación no sector público e privado, os contratos intelixentes, as Fintech, as Insurtech, a desconexión dixital, os controis electrónicos na contorna laboral, os delitos cibernéticos ou a ciberseguridade, e incorpora ámbitos novidosos como a robótica, a intelixencia artificial, o internet das cousas ou os drones, sen esquecer a súa influencia nas persoas e os seus dereitos, entre eles os dereitos dixitais.

O **MUDDIA** impártese de **xeito presencial**, co complemento de **ferramentas de tele-aprendizaxe** (Moodle, Teams...), e combina as perspectivas teórica e práctica cun profesorado con perfil académico e profesional. Ademais, para facilitar a comprensión dos numerosos cambios tecnolóxicos asociados á dixitalización e á intelixencia artificial, conta coa **participación de profesorado da Facultade de Informática e especialistas do sector TIC**.

ESTRUTURA

O **MUDDIA-UDC** consta de **60 ECTS**, distribuídos nos dous semestres do curso académico. Está estruturado en módulos e materias: un primeiro **módulo dedicado ao marco de referencia** (12 ECTS), un segundo **módulo sobre contidos específicos** (33 ECTS) e un **módulo final con prácticas externas**, dúas materias optativas e o remate da titulación coa defensa do Traballo de Fin de Mestrado.

Módulo I > Marco de referencia (12 ECTS)

- As relacións xurídicas na sociedade dixital (6 ECTS)
- Privacidade e datos persoais (6 ECTS)

Módulo II > Marco específico (33 ECTS)

- Contratación privada (6 ECTS)
- Propiedade intelectual, propiedade industrial e Dereito da competencia (6 ECTS)
- Dixitalización das relacións laborais e de Seguridade Social (3 ECTS)
- Axenda dixital, Administracións públicas electrónicas e intervención pública (6 ECTS)
- Dereito tributario e novas tecnoloxías (3 ECTS)
- Criminalidade informática e ciberseguridade (4/5 ECTS)
- Proceso e TIC (4/5 ECTS)

Módulo III > Prácticas Externas, TFM, Metodoloxía e DPD (15 ECTS)

- Prácticas externas (6 ECTS)
 - Metodoloxía da investigación (3 ECTS) (*)
 - Delegado de protección de datos (3 ECTS) (*)
- Traballo de Fin de Mestrado (6 ECTS)

* As materias co asterisco (*) configúranse con carácter alternativo